

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0260	Mecanizado básico	2021/2022	4	107	128

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS ABAD CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de Técnico en Electromecánica de Vehículos Automóbiles e os correspondentes ensinados mínimos establécense polo Real Decreto 453/2010, do 16 de abril. O Decreto 94/2011, do 28 de abril, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles na Comunidade autónoma de Galicia.

No IES de Fene impártese o ciclo de grao Medio e Básico en electromecánica de vehículos automóbiles, situado en Barallobre, na comarca de Ferrol. Fene é un concello rural e industrial. Na comarca de Ferrol os alumnos teñen como saída laboral maioritariamente os talleres de mantemento de vehículos lixeiros. Tamén talleres de reparación de vehículos industriais, talleres de reparación de motocicletas e náutica, parques eólicos e a empresa de servizos de automoción EINSA, tendo tamén a posibilidade de traballar en tendas de recambios do automóbil, na pranta de reciclaxe de automóviles de As Somozas, ou empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos (ITV) etc.

Debido a isto centrarémonos a nosa función docente, maioritariamente, no mundo do automóbil lixeiro.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Electricista de vehículos.
- Electricista electrónico/a de mantemento e reparación en automoción.
- Mecánico/a de automóviles.
- Electricista de automóviles.
- Electromecánico/a de automóviles.
- Mecánico/a de motores e os seus sistemas auxiliares, de automóviles e motocicletas.
- Reparador/ora de sistemas pneumáticos e hidráulicos.
- Reparador/ora de sistemas de transmisión e freos.
- Reparador/ora de sistemas de dirección e suspensión.
- Operario/a de ITV.
- Instalador/ora de accesorios en vehículos.
- Operario/a de empresas dedicadas á fabricación de recambios.
- Electromecánico/a de motocicletas.
- Vendedor/ora distribuidor/ora de recambios e equipamentos de diagnose.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Debuxar esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondente	Esbozos de pezas Elaboración de	25	17
2	Trazado de pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipos de medida	Trazado de pezas para o seu posterior mecanizado	10	16
3	Mecanizado manual	Roscar pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias	35	17
4	Técnicas de roscaxe	Roscar pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias	20	17
5	Unions por soldadura branda	Realizar unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso	20	16
6	Construción de pequenos útiles	Construe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo	18	17

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Debuxar esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondente	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondentes.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Representáronse a man alzada vistas de pezas.
CA1.2 Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.
CA1.3 Utilizouse a simboloxía específica dos elementos.
CA1.4 Reflectíronse as cotas.
CA1.5 Aplicáronse as especificacións dimensionais e as escalas na realización do esbozo.
CA1.6 Realizouse o esbozo con orde e limpeza.
CA1.7 Verificouse que as medidas do esbozo correspondan coas obtidas no proceso de medición de pezas, elementos ou transformacións para realizar.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Debuxo técnico básico. Normalización de planos. Simboloxía: normalización. Planta, alzado, vistas e seccións. Cotación. Técnicas de esbozamento.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Trazado de pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipos de medida	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realízase o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.
CA2.2 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.
CA2.3 Descríronse os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.
CA2.4 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas.
CA2.5 Realizáronse cálculos de conversión de medidas entre o sistema métrico decimal e o anglosaxón.
CA2.6 Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.
CA2.7 Seleccionáronse os útiles necesarios para realizar o trazado das pezas e efectuouse a súa preparación.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA2.9 Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas.
Operacións de trazado.
Magnitudes e unidades.
Instrumentos de medida directa.
Aparellos de medida por comparación. Apreciación dos aparellos de medida.
Teoría do nonius.
Tipos de medida.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Mecanizado manual	35

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).
CA3.2 Identifícaronse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.
CA3.3 Clasifícaronse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.
CA3.4 Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar.
CA3.5 Determinouse a secuencia de operacións necesarias.
CA3.6 Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.
CA3.7 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.
CA3.8 Déronse á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).
CA3.9 Efectuouse o corte de chapa con tesoiras previamente seleccionadas en función dos cortes.
CA3.10 Respectáronse os criterios de calidade requiridos.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.
Obxecto da limadura.
Uso e tipos de limas atendendo á súa forma e ao seu picado.
Técnicas de limadura.
Corte de materiais con serra de man.
Follas de serra: características e tipos; elección en función do traballo que se vaia realizar.
Operacións de serraxe.
Corte con tesoiras de chapa: tipos de tesoiras.
Procesos de corte con tesoiras de chapa.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de roscaxe	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Describiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.7 Selecionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguíuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Describíronse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca ( ángulo de corte, destalonamento, etc.).

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.
Medición de roscas.
Procesos de execución de roscas.
Máquinas de tradear.
Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.



Contidos

Brocas: tipos e partes.

Proceso de tradeadura.

Escareamento.

Clases de parafusos.

Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.

Sistemas de roscas.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Unions por soldadura branda	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbóronse as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realizouse a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecionouse o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecionáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecionáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.
CA5.8 Descríbóronse os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.
Preparación do metal base.
O estaño.
Procesos de execución de soldaduras.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Construción de pequenos útiles	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Conformación de metais
Unión de metais.
Tolerancias de medidas.
Mantemento de ferramentas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Minimos esixibles

Para acadala primeira avaliación positiva o alumno deberá

- Realizar croquizados, correspondentes a alzados plantas e perfles de pezas
- Colocar as cotas correctamente e de forma normalizada

Estos contidos están explicados na UD 1

- Trazar correctamente coas utillaxes correspondentes e de forma correcta
- Executar o proceso de serrado de medición de forma correcta e elixindo corretamente a ferramenta correspondente segundo a secuencia

Estos contidos están explicados na UD2

- Mecaniza unha peza de forma correcta empregando tecnicas de serra e lima utilizando as ferramentas apropiadas e relaciona tecnicas de tolerancia

Estos contidos están explicados na UD3

Para acadar a segunda avaliación positiva

- Mecanizar rascar interiores e exteriores e efectuar a reparación das mesmas de forma correcta
- Efectuar os cálculos correspondentes en taladrado usando de forma correcta as brocas de distintas medidas así como diferenciais para distintos materiais

Estos contidos están explicados na UD4

Realizar soldaduras brandas coñecendo os materiais e as técnicas correspondentes seleccionando os materiais a soldar e os materiais de aportación

Estos contidos están explicados na UD5

Para acadar a terceira avaliación positiva

- Construcións de útiles de traballo e as súas adaptacións con criterio e utilizando métodos correctos segundo normativa de seguridade laboral no traballo

Todo isto explicado na UD6

### Criterios de avaliación

Faráse unha cualificación correspondente en cada trimestre. valoraranse os contidos procedementais, conceptuais e actitudinais e se lle dará a cada un dos contidos unha nota de 1 a 10

A cualificación en cada un dos contidos terá que ser de 5 ou superior para acadar a avaliación positiva(aprobado)

cando a nota en todos e cada un dos contidos sea superior a 5 ou igual a cualificación para a avaliación será positiva. neste caso dita cualificación final será da suma aritmética dos contidos dividido entre 3

Consideranse contidos procedimentais : a calidade do traballo realizado, a organización nas tarefas prácticas, a destreza no manexo da ferramenta, utillaxes e aparellos de diagnóstico empregados na realización das prácticas. asimismo o tempo empregado na realización das prácticas Os contidos conceptuais serán a valoración das probas escritas, a correcta interpretación da documentación técnica e a exactitude nas respostas formuladas no taller e aula

consideranse contidos actitudinais o cumprimento da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais e de protección mediambiental. A identificación de riscos e perigo nas tarefas prácticas , a participación e iniciativa na aula e o taller respetando as instrucións do profesor e o cumprimento das normas establecidas nas instalacións propias do taller.

A manifestación do interese pola tecnoloxía do sector efectuando as operacións coa orde e limpeza requiridas clasificando os residuos xerados de forma selectiva.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que suspendan calquera avaliación farán actividades de recuperación no período correspondente no mes de Xuño, segundo se contempla na normativa vixente.

En dito período, farán as actividades de recuperación relacionadas coa/s avaliación/s que non teñan superadas.

Os alumnos terán que ter unha asistencia continuada a clase, para a realización das actividades de recuperación previstas.

Neste período de recuperación farase un seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos e posteriormente realizarán probas teóricas e prácticas que acredite dito aprendizaxe, para elo os alumnos deberán demostrar de conxuntos os coñecementos mínimos para acadar a avaliación positiva especificados no módulo e amosando unhas actitudes igualmente satisfactorias.

Os alumnos serán informados das distintas actividades de recuperación e do seu período de realización, ditas actividades estarán relacionadas cos mínimos esixibles

Unha vez rematado este período de recuperación si o alumno non recuperou todas as avaliacións pendentes suspenderá o módulo.

Os alumnos matriculados en segundo curso que teñan o módulo pendente deberán ser informados das actividades programadas para a súa recuperación, así como o período da súa realización, temporalización e data que serán avaliados. Faráselles unha/s proba/s teórica/s e ou prácticas antes da avaliación da FCT. Ditas probas deberán estar relacionadas cos mínimos esixibles.

Se non acadasen un resultado positivo poderán recuperar os contidos pendentes na terceira avaliación e non poderán facer a FCT mentras non aproben todos os módulos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O proceso de avaliación é un proceso continuo, que implica a asistencia regular do alumnado a clase e as actividades programadas para os distintos módulos

Segundo establece a normativa vixente, fíxase o número de faltas por curso que un alumno poderá deixar de asistir a cada módulo, para ter dereito a ser avaliado polo procedemento ordinario, que non poderá ser superior ao 10% da duración do módulo.

A superación desta porcentaxe dará lugar á perda de avaliación continua por parte do alumnado.

No caso do módulo de Técnicas de mecanizado o número máximo de sesións será de 13 sesións

Os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua farán unha proba de coñecementos de tipo teórico e práctico.

Dita proba estará baseada nos contidos mínimos do módulo

A data de dita proba se lles comunicará aos alumnos co tempo que fixe a ley

No caso en que ditas probas fosen avaliadas positivamente, o alumno superará o módulo

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Farase unha reunión mensual mínima dos profesores do departamento para facer o seguimento das programacións de cada módulo na que se reflectirá o grado de cumprimento e a xustificación razoada no caso de desviacións.  
Dito seguimento e revisión costará nas correspondentes actas de departamento

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Realizarase unha avaliación inicial para así detectar os coñecementos previos dos alumnos e as súas capacidades e tamen dos posibles problemas que poidan interferir no normal desenvolvemento das ensinanzas de ensino- aprendizaxe  
Nas primeiras semanas ,ao comezo das actividades realizarase unha proba deseñada polo profesor de cada módulo na que se contemplen os coñecementos xerais que deberían de ter os alumnos . Dito documento terá unha base científico-tecnolóxica, unha tamen para a técnicas e metodoloxía de estudos empregados polos alumnos e unha derradeira de razoamento e aplicación de resolución de cuestións lóxicas  
A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno-a e as súas capacidades. Así mesmo servir¿sa para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente  
Na sesión de avaliación inicial, o titor, dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, dos alumnos que tutela  
Se o alumno resulta descoñecido para o profesor que imparte o módulo e necesario obter información do mesmo, empregando os métodos necesarios tales coma:  
- Informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, se o centro os tivese ou se os alumnos os achegan  
- Dos estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional(de carácter regrado, ocupacional ou continuo)previamente realizados  
- Do acceso mediante proba para o alumnado sen titulación  
- Dos informes ou ditámenes específicos do alumnado con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo  
- Da experiencia profesional previa  
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso  
Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O reforzo educativo estará dirixido a aqueles/s alumno/s que non poden segui-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.  
O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifique, para cursar os ciclos formativos en rexime ordinario de xeito fragmentado por módulos  
Solicitarase apoio técnico o departamento de orientación do instituto. No caso dos alumnos repetidores, podemos informarnos do historial académico dos alumnos e falaremos co titor ou profesores, en medida do posible, que impartiron docencia a ditos alumnos.  
Cando o progreso dun alumno/a non responda globalmente os obxectivos programados e, previamente valorado polo departamento de orientación do centro, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo ou Adaptación Curricular. As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo/a profesor/a que imparte o módulo, co coñecemento do titor e este comunicarllo ó equipo directivo e familia do/a

alumno/a.

En ningún caso a Adaptación Curricular poderá afectar a desaparición de obxectivos relacionados con competencias profesionais básicas para o logro da competencia xeral característica do título.

O/a profesor/a dun módulo, de forma xeral, poderá aplicar os alumnos que sexa necesario, para dito módulo, alguna das seguintes medidas de reforzo que serán de aplicación en pequeno grupo ou individual preferentemente:

- 1- Dentro das unidades didácticas, puntos ou obxetivos claves do tema en cuestión por parte do profesor
- 2- Dedicación ou Repetición das prácticas máis importantes ou outras similares para acadar-las capacidades pretendidas.
- 3- Exercicios, cuestións, traballos de investigación ou problemas de reforzo.
- 4- Realización de memorias tecnolóxicas sobre as unidades didácticas pendentes.
- 5- Realización de actividades que en todo caso terán unha finalidade de reforzar o aprendizaxe e autonomía do/a alumno/a.

Por outra banda, e de forma concreta para este tipo de alumnado, si despois de facer as medidas de reforzó, antes mencionadas, aínda non se evidencia a competencia perseguida, o profesor poderá facer un exame teórico e/ou práctico de recuperación de cada avaliación suspensa. Dita proba farase antes da seguinte avaliación, si é avaliada positivamente o alumno/a recupera a avaliación en cuestión.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Educación medioambiental: inculcar os alumnos a responsabilidade no tratamento dos residuos, combustibles, disolventes, aceites, graxas etc, así coma na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera. Conciencialos que estar expostos as emisións dos motores supoñen graves riscos para a saúde, e a necesidade de empregar sistemas de extracción dos gases nos lugares de reparación.

Educación para a saúde: inculcando os alumnos as normas de seguridade e hixiene no traballo e o emprego das EPIs axeitadas para cada caso.

Educación para a igualdade de xeñero: inculcar os alumnos o compañeirismo e o respecto ó individuo, sen distinción do sexo, razas ou relixión, así coma a convivencia dentro dun grupo.

Educación cívica: limpeza, respecto polos compañeiros e profesorado, puntualidade, respecto polos medios técnicos e instalacións.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Entre as visitas previstas, a data de hoxe, destacamos:

- Participar no desafío Hiperbaric de Burgos.

Todas elas aprobadas previamente polo Departamento e Consello Escolar.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Instrumentos de avaliación

Debido ao variable comportamento da pandemia COVID-19, se contemplan tres posibles escenarios

Formación presencial, semipresencial ou non presencial

FORMACIÓN PRESENCIAL

Desenrolarase segundo a programación do módulo 2021/22

## FORMACIÓN SEMIPRESENCIAL

### 1-METODOLOXÍA

Dada a situación, peculiar e complexa, que implica a COVID-19 para un desenvolvemento normal do presente curso, a metodoloxía a empregar no departamento de Electromecánica de vehículos no primeiro curso do ciclo medio será a seguinte:

O grupo de primeiro de Ciclo medio tivo que ser, necesariamente, dividido en dous subgrupos debido o número de alumnos matriculados, en total 26. O que facía imposible a convivencia nunha mesma aula ou taller mantendo unha distancia de separación mínima, seguindo as indicacións dadas pola consellería en materia de saúde pública.

Aplícaselles, una vez consensuado e autorizado pola Dirección do IES e previa autorización verbal do inspector correspondente, a modalidade de Semipresencial a dito curso.

A modalidade de semipresencial implica máis dedicación en horas por parte do equipo docente que imparte en dito curso. As quendas serán semanais, é dicir, una semana veñen a clase e a seguinte traballan dende a súa casa.

Os pais, dos alumnos menores de idade, foron avisados e informados da semipresencialidade, por parte do titor do grupo de forma telefónica. Solicitouse a Inspección educativa que nos comunique por escrito a situación de semipresencialidade para este grupo. Tamén se lle solicita a directora do instituto que faga un documento de notificación para os pais e representantes legais do alumnado da docencia en semipresencialidade dos seus fillos/as.

Habilitarase, no menor tempo posible, as ferramentas informáticas para que os alumnos poidan seguir dende a súa casa as clases impartidas polos profesores en cada momento determinado, seguindo o horario do grupo.

O espazo principal de traballo será a Aula virtual do IES de Fene. O alumnado estará matriculado en dita aula virtual. A finais do mes de setembro do 2021 encontrase xa habilitada a plataforma para os alumnos.

A maiores, para a impartición das clases virtuais empregarase calquera das plataformas de videoconferencias recomendadas pola Consellería de Educación.

Estando na quenda de casa, realizan as tarefas que os profesores lles indiquen na aula virtual.

Tamén están obrigados a conectarse as vídeo clases nos horarios do grupo, cando o profesor está impartindo docencia no Instituto co resto dos alumnos e así se sexa requirido.

As tarefas ou actividades para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

En dita Aula virtual, habilítase un espazo (Tema 1(UD1), Tema 2(UD2) e sucesivos) das diferentes unidades didácticas das que consta o módulo, onde iranse colocando as actividades ou tarefas que o alumnado deberá realizar segundo os tempos marcados polo profesor. Os prazos de entrega das tarefas terán que cumprirse escrupulosamente por parte dos alumnos.

As actividades ou tarefas consistirán en exercicios de repaso, test, visualización de vídeos técnicos, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo profesor. A cada tarefa se lle poderá asociar posibles materiais ou recursos de consulta que terán a súa disposición (libros de texto, información técnica, visualización de vídeos e explicacións de supostos prácticos e consulta de aspectos teóricos, así como tamén as derivadas das clases virtuais entre outros).

As tarefas organízanse por semanas na aula virtual e sempre disporán dun prazo de tempo para a súa realización suficiente. Se fixará o tempo que teñen para devolver a/as tarefa/as feitas, que se realizarán a bolígrafo, escaneada, fotografada etc. Unha vez rematado o tempo para realización das tarefas, farán a entrega, e deberán enviála o profesor respectivo para a súa avaliación, por e-mail o seu correo corporativo (edu.xunta.es)

As tarefas poden ser de tres tipos:

- Tarefas de estudo, nas que o alumnado terá que realizar, estudar, visualizar ou analizar as tarefas propostas na aula virtual e que poden ser explicadas ou aclaradas nas sesións de tutoría e nas clases virtuais.
- Tarefas de realización, nas que o alumnado terá que elaborar documentos dispostos na aula virtual. Estes documentos remitiranse, una vez feitos, o correo corporativo do profesor respectivo para a súa corrección.
